

# ABERTO VACACIÓNS

20  
26



Concello  
de Foz



ACTIVIDADES PARA NENAS E NENOS NADAS/OS  
ENTRE 2014 E 2022

# INTRODUCCIÓN

A Delegación de Xuventude do Concello de Foz ten programado un verán cheo de diversión para as nenas e nenos, no que realizaremos unha morea de actividades de **luns a venres**.

Haberá actividades no CEIP O Cantel, na praia, roteiros,...

O horario será de **10:30h a 13:30h**.

Para os/as que necesitan unha maior conciliación, dispoñemos da opción **Érguete**, con inicio ás **9:00h**.

# PREINSCRICIÓN

O programa Aberto x Vacacións estará formado por dous grupos, segundo as idades. As prazas son limitadas polo que o proceso constará de: preinscrición, publicación de persoas admitidas e formalización de inscrición.

Terán **prioridade** aqueles nenos/as cuxos proxenitores traballen durante as quendas solicitadas, así como familias monoparentais ou monomarentais na mesma situación, os/as menores empadroados/as no Concello de Foz a data 24/04/2026, irmáns preinscritos/as, así como alumnado das EDM 2025/26.

**DEBE REMITIRSE A DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA (CERTIFICADO DE EMPRESA CONFORME SE ESTARÁ TRABALLANDO DURANTE AS QUENDAS SOLICITADAS, CERTIFICADO FAMILIA MONOPARENTAL OU MONOMARENTAL...) DURANTE A PREINSCRICIÓN OU NON SERÁ TIDA EN CONTA A PRIORIDADE.**

**NON SERVIRÁ DOCUMENTACIÓN QUE NON ACREDITE ESTAR TRABALLANDO DURANTE AS QUENDAS SOLICITADAS, COMO VIDA LABORAL, CONTRATO,...**

O empadroamento así como a matrícula das EDM serán comprobados polo Concello e non será necesario remitir documentación algunha.



## FOZ | ABERTO X VACACIÓNS 2026

Resérvase un 20% de prazas a persoas en situación de vulnerabilidade, beneficiarias de programas sociais.

Co resto das preinscricións, realizarase un sorteo ata cubrir as prazas.

Cada preinscrición realizada asociarase a un código que será remitido a través de correo electrónico.

A preinscrición realizarase a través do envío do formulario debidamente cumprimentado a través da sede electrónica ou presentándoo no rexistro do Concello de Foz.

A listaxe dos códigos das persoas admitidas será publicada na sección de Novas da web do Concello de Foz ([www.concellodefoz.gal](http://www.concellodefoz.gal)), despois da realización das comprobacións e do sorteo.

Envío de preinscrición: Do **28 de abril ao 20 de maio**

Publicación da listaxe: O **10 de xuño**



## QUENDAS

---

**Quenda 1:** Do 1 ao 15 de xullo

**Quenda 3:** Do 3 ao 14 de agosto

**Quenda 2:** Do 17 ao 31 de xullo

**Quenda 4:** Do 17 ao 28 de agosto

---

O prezo por quenda é de 20€, con horario de 10:30h a 13:30h.

No caso de seleccionar a opción **Érguete**, con inicio ás 9h, o prezo por quenda será de 35€.



# FORMALIZACIÓN DAS INSCRICIÓNS

As persoas admitidas deberán formalizar a inscrición na Casa da Xuventude, **do 11 ao 19 de xuño**, en horario de 9h a 13h.

Deberá aboarse o total das quendas nas que se formaliza a inscrición.

Aquelas persoas inscritas que non formalicen a inscrición no prazo estipulado perderán a súa praza.

## LISTAXE DE AGARDA

No caso de que ao finalizar o prazo de formalización de inscrición, algunha praza quedara vacante, procederase a chamar ás persoas solicitantes da listaxe de agarda para cubrila.

## UBICACIÓNS



O campamento base o teremos no CEIP O Cantel, pero realizaremos actividades noutras localizacións.

Facilitaremos unha programación semanalmente na que se detallará a ubicación e a actividade, así como os elementos que poidan ser necesarios (toalla, zapatillas de deporte,...)

DELEGACIÓN DE XUVENTUDE E DEPORTES  
CONCELLO DE FOZ  
R/ Julia Minguillón, 7 - Baixo  
Tif. 982133037

